



A Xunta ten bloqueado o cobro dos complementos de investigación e docencia para o persoal interino das universidades

A CIG-Ensino gañara parcialmente un recurso diante da Axencia para a Calidade Universitaria de Galiza (ACSUG) para que este colectivo fora incluído dentro da convocatoria de avaliación previa ao cobro destes complementos autonómicos, o que supón 1.000 euros máis ao ano no caso do de docencia e 900 no de investigación. En total poden beneficiarse desta resolución nas tres universidades 230 interinos da categoría PDI (persoal docente e investigador).

As Consellarías de Educación e de Facenda manteñen paralizada a publicación da resolución que emendará a anterior convocatoria publicada pola ACSUG para regular a avaliación previa ao cobro dos complementos de investigación e de docencia. A CIG-Ensino conseguira que se estimara parcialmente a súa demanda na que se pedía que o persoal temporal das universidades galegas tamén puidera acceder ao cobro destes dous complementos, reservados até o de agora para o persoal funcionario e contratado doutor fixo.

Nunha resolución datada o 2 de marzo, a ACSUG accedía a abrir un prazo adicional para que “o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor cuxa praza non sexa fixa ou estábel poida acollerse a esta convocatoria”. Porén, tres meses despois desta comunicación a Xunta de Galiza ten bloqueada a publicación desta nova convocatoria, malia que o texto está redactado e aprobado desde hai dous meses. Segundo

puido saber a CIG-Ensino, a paralización procede dos departamentos de Educación e de Facenda e só se vai abrir para o persoal interino. Ficarán polo tanto excluídas outras categorías laborais como o persoal colaborador, o axudante doutor,... O sindicato anima a estes profesionais a pelexar pola súa equiparación salarial e de dereitos económicos a través dos seus servizos xurídicos. Non é de recibo que se siga discriminando certo tipo de persoal temporal cando o informe encargado pola ACSUG no seu momento á asesoría xurídica da Xunta indicábase que, “tendo presente a reclamación da CIG-Ensino, deixaría de aplicarse o requisito da praza fixa e estábel”.

Contías

A percepción destes dous complementos supoñen para o persoal beneficiario arredor de 1.000 euros máis anuais na categoría de docencia e 900 na de investigación. Estímase que se poderían beneficiar da apertura dun novo prazo para optar a estas contías un total de 230 profesores e profesoras

interinos nas tres universidades galegas (preto de 100 na Coruña e en Santiago e arredor de 30 en Vigo).

Requisitos

Lembramos que é preciso cumprir unha serie de requisitos marcados polo Decreto 55/2004 para optar a estes complementos, dos cales tres son comúns para as dúas tipoloxías:

- Estar integrado no cadro de persoal docente de calquera das universidades públicas galegas.
- Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza.
- Ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia.

A maiores haberá que presentar unha memora de autoavaliación no caso do complemento docente e ter obtido o grao de Doutor na universidade tras a presentación dun traballo de investigación así como presentar os méritos investigadores para o complemento por investigación.